



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 503
11 de xullo de 2019



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación sen modificacións

■ 52050 (10/MOC-000152)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención á saúde da muller (moción a consecuencia da Interpelación nº 45948, publicada no BOPG nº 434, do 20.2.2019, e debatida na sesión plenaria do 25.6.2019) [166033](#)

Rexeitamento da iniciativa

■ 52051 (10/MOC-000153)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre a apertura por parte do Goberno galego dunha mesa de diálogo cos representantes do sector das artes escénicas para tratar e solucionar os problemas do Centro Dramático Galego (moción a consecuencia da Interpelación nº 48741, publicada no BOPG nº 458, do 09.4.2019, e debatida na sesión plenaria do 25.6.2019) [166033](#)

■ 52057 (10/MOC-000154)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade de trato e de non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais (moción a consecuencia da Interpelación nº 50774, publicada no BOPG nº 486, do 12.6.2019, e debatida na sesión plenaria do 25.6.2019) [166033](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

■ 51998 (10/PNP-003894)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia dos setecentos millóns de euros comprometidos para o ano 2019 [166034](#)



Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 44961 (10/PNP-003369)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de xestión das bolsas de axuda ao estudo, así como dos recursos económicos correspondentes

[166034](#)

I 49349 (10/PNP-003739)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da programación da carga de traballo necesaria para os estaleiros de Navantia en Ferrol

[166035](#)

I 51587 (10/PNP-003868)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a adopción por parte do Goberno galego de medidas, incluídas as de formación e de concienciación, para reducir a presenza de residuos nas praias e nos fondos mariños de Galicia co fin de recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños

[166035](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 50000 (10/PNP-003788)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas e coa derivación de doentes á sanidade privada

[166035](#)

I 51389 (10/PNP-003849)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención das consultas referidas á tramitación de proxectos e cos tempos de tramitación dos expedientes nos servizos provinciais de Patrimonio Cultural

[166036](#)

I 51406 (10/PNP-003850)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e dous deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo do alugamento da vivenda

[166036](#)



I 51541 (10/PNP-003860)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos convites para a asistencia dos seus membros ás touradas

[166036](#)**2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento****2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos****2.2.1. Composición do Pleno**

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 10 de xullo de 2019, polo que se acepta a renuncia de D. Abel Fermín Losada Álvarez como deputado do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición de Pontevedra na lista dos Socialistas de Galicia (10/RCDE-000019)

[166037](#)

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 10 de xullo de 2019, polo que se acepta a renuncia de D. José Manuel Díaz Villoslada, como deputado do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición da Coruña na lista dos Socialistas de Galicia (10/RCDE-000020)

[166038](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

O Pleno do Parlamento, na sesión do 9 de xullo de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 52050 (10/MOC-000152)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención á saúde da muller (moción a consecuencia da Interpelación nº 45948, publicada no BOPG nº 434, do 20.2.2019, e debatida na sesión plenaria do 25.6.2019)

BOPG nº 498, do 04.07.2019

Sométese a votación e resulta aprobada por 33 votos a favor, ningún voto en contra e 37 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«1) O Parlamento de Galicia manifesta o seu apoio inequívoco á Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo.

2) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver as accións necesarias para garantir o pleno cumprimento da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo, tendo en conta a necesaria dotación de medios materiais e humanos que fosen necesarios.»

Rexeitamento da iniciativa

- 52051 (10/MOC-000153)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre a apertura por parte do Goberno galego dunha mesa de diálogo cos representantes do sector das artes escénicas para tratar e solucionar os problemas do Centro Dramático Galego (moción a consecuencia da Interpelación nº 48741, publicada no BOPG nº 458, do 09.4.2019, e debatida na sesión plenaria do 25.6.2019)

BOPG nº 498, do 04.07.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 52057 (10/MOC-000154)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade de trato e de non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais (moción a consecuencia da Interpelación nº 50774, publicada no BOPG nº 486, do 12.6.2019, e debatida na sesión plenaria do 25.6.2019) BOPG nº 498, do 04.07.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 51998 (10/PNP-003894)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a transferencia á Comunidade Autónoma de Galicia dos setecentos millóns de euros comprometidos para o ano 2019 (procedemento de urxencia)

BOPG n.º 495, do 01.07.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 57 votos a favor, ningún voto en contra e 9 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reiterar ante o Goberno central que habilite de maneira urxente os mecanismos legais correspondentes para transferir á Comunidade Autónoma de Galicia os 700 millóns de euros comprometidos para 2019 e que aínda debe, repartidos do seguinte xeito:

- Actualización das entregas á conta do exercicio do ano 2019 por importe de 330 millóns de euros.
- Devolución da mensualidade do IVE do exercicio de 2017 por importe de 200 millóns de euros.
- E incentivos por cumprir todos os parámetros de estabilidade orzamentaria en 2017 e 2018, por un importe global de 170 millóns de euros.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 44961 (10/PNP-003369)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da transferencia á Xunta de Galicia das competencias en materia de xestión das bolsas de axuda ao estudo, así como dos recursos económicos correspondentes

BOPG nº 427, do 06.02.2019



Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 64 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno do Estado a transferencia das competencias correspondentes á xestión das bolsas de axuda ao estudo así como os recursos económicos correspondentes a elas.»

- 49349 (10/PNP-003739)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da programación da carga de traballo necesaria para os estaleiros de Navantia en Ferrol

BOPG nº 470, do 30.04.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 66 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para solicitarlle a programación inmediata de carga de traballo suficiente para os estaleiros de Navantia en Ferrol.»

- 51587 (10/PNP-003868)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre a adopción por parte do Goberno galego de medidas, incluídas as de formación e de concienciación, para reducir a presenza de residuos nas praias e nos fondos mariños de Galicia co fin de recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños

BOPG nº 493, do 26.06.2019

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 66 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar medidas inmediatas (incluídas de formación e concienciación) para reducir a presenza de residuos mariños nas praias e fondos mariños de Galicia, recuperando así a biodiversidade e os ecosistemas mariños.»

Rexeitamento da iniciativa

- 50000 (10/PNP-003788)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co pechamento de camas durante os meses de verán nos centros hospitalarios do Sergas e coa derivación de doentes á sanidade privada

BOPG nº 479, do 22.05.2019



Sométese a votación e resulta rexeitada por 27 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 51389 (10/PNP-003849)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa atención das consultas referidas á tramitación de proxectos e cos tempos de tramitación dos expedientes nos servizos provinciais de Patrimonio Cultural

BOPG nº 489, do 19.06.2019

Sométese a votación por punto e o resultado é o seguinte:

Puntos 1 e 2: rexeitados por 18 votos a favor, 39 votos en contra e 9 abstencións.

Punto 3: rexeitado por 27 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 51406 (10/PNP-003850)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e dous deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo do alugamento da vivenda

BOPG nº 489, do 19.06.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: rexeitado por 18 votos a favor, 39 votos en contra e 9 abstencións.

Resto dos puntos: rexeitados por 27 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

- 51541 (10/PNP-003860)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos convites para a asistencia dos seus membros ás touradas

BOPG nº 489, do 19.06.2019

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 2: rexeitado por 18 votos a favor, 39 votos en contra e 9 abstencións.

Resto dos puntos: rexeitados por 27 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 10 de xullo de 2019, polo que se acepta a renuncia de D. Abel Fermín Losada Álvarez como deputado do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición de Pontevedra na lista dos Socialistas de Galicia (10/RCDE-000019)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 10 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

-52354 (10/RCDE-000019)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Losada, Abel Fermín

Renuncia á súa condición de deputado

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 10 de xullo de 2019, tomou coñecemento da vontade de D. Abel Fermín Losada Álvarez de renunciar ao seu cargo de deputado do Parlamento de Galicia (doc. núm. 52354).

Tendo en conta que a súa renuncia foi ratificada de xeito persoal e expreso ante os membros da Mesa da Cámara na dita sesión, a Mesa, en cumprimento do artigo 21.4 do Regulamento da Cámara, acordou:

1°. Aceptar a renuncia de D. Abel Fermín Losada Álvarez como deputado do Parlamento de Galicia e declarar vacante o seu escano pola circunscrición electoral de Pontevedra na lista correspondente aos Socialistas de Galicia.

2°. Notificarlles este acordo ao interesado, ao portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia, a Intervención e Asuntos Económicos e aos servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce efectos xurídicos dende o día 11 de xullo de 2019.

3°. Notificarlle este acordo á Xunta Electoral da Comunidade Autónoma de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia.

4°. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 10 de xullo de 2019, polo que se acepta a renuncia de D. José Manuel Díaz Villoslada como deputado do Parlamento de Galicia e se declara vacante o seu escano pola circunscrición da Coruña na lista dos Socialistas de Galicia (10/RCDE-000020)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 10 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

- (10/RCDE-000020)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, José Manuel

Renuncia á súa condición de deputado

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 10 de xullo de 2019, tomou coñecemento da vontade de D. José Manuel Díaz Villoslada de renunciar ao seu cargo de deputado do Parlamento de Galicia.

Tendo en conta que a súa renuncia foi ratificada de xeito persoal e expreso ante os membros da Mesa da Cámara na dita sesión, a Mesa, en cumprimento do artigo 21.4 do Regulamento da Cámara, acordou:

1º. Aceptar a renuncia de D. José Manuel Díaz Villoslada como deputado do Parlamento de Galicia e declarar vacante o seu escano pola circunscrición electoral da Coruña na lista correspondente aos Socialistas de Galicia.

2º. Notificarlles o presente acordo ao interesado, ao portavoz do G. P. dos Socialistas de Galicia, a Intervención e Asuntos Económicos e aos servizos de Persoal e Réxime Interior, Tecnoloxías da Información e Asistencia Parlamentaria, subliñando que a súa renuncia produce efectos xurídicos dende o día 11 de xullo de 2019.

3º. Notificarlles o presente acordo á Xunta Electoral da Comunidade Autónoma de Galicia para que se dea cumprimento ao establecido no artigo 11 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de Eleccións ao Parlamento de Galicia.

4º. Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

